



PROXECTO ACADEMIA 2014-2015

Academia é un proxecto europeo de mobilidade, dirixido aos profesionais da orientación encadrado dentro do programa Erasmus+. Está organizado polo Ministerio de Educación, a través do Centro Nacional de Recursos para a Orientación Profesional (CNROP), en colaboración coas comunidades autónomas.

Prazas: na presente edición a Comunidade de Galicia ten asignadas dúas prazas, unha en Estonia e outra en Romanía.

Duración: a duración dos intercambios é dunha semana (cinco días lectivos) incluída entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2015.

Financiamento: a contribución financeira é dun máximo de 1.000 euros por participante coa finalidade de cubrir os gastos derivados (transporte, aloxamento e manutención), que será aboada logo de finalizado o proxecto. Os gastos que excedan esa cantidade serán asumidos polos participantes.

Pódese obter máis información na páxina de internet <http://www.academia-europe.eu/index/>, onde se especifican os programas e as estadías.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

1. CRITERIOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

Os candidatos deberán reunir as seguintes condicións:

- Estar en servizo activo e ser preferentemente funcionario de carreira.
- Ser orientador, profesor de FOL, coordinador de emprendemento ou titor dun viveiro nun centro con viveiro de empresa, en centros integrados de formación profesional, en centros onde se imparta formación profesional, en centros públicos de educación e promoción de adultos ou en centros de ensino secundario, ou ser membro dos equipos de orientación específicos da especialidade de orientación vocacional e profesional.
- Demostrar coñecementos do idioma de traballo da estadía solicitada (mínimo nivel intermedio ou B1).
- Formación ou experiencia relacionada coa orientación profesional.
- Manexar as TIC. É obrigatorio dispor de correo electrónico particular e usalo a cotío, xa que toda a comunicación do programa se realizará exclusivamente a través deste medio.
- Non ter participado nas tres últimas edicións do proxecto Academia.

Os participantes deberán relacionar os países que se ofrecen por orde de preferencia, así como o programa elixido para o intercambio.

2. COMPROMISO DOS PARTICIPANTES

Os participantes comprometeranse a:

- Estar en permanente contacto coa súa coordinadora autonómica e co responsable de Academia no país de destino por medio do correo electrónico.
- Preparar axeitadamente a estadía no país correspondente e ter a punto e dentro dos prazos establecidos toda a documentación necesaria para o bo desenvolvemento do programa.
- Participar nos encontros organizados polo Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Galicia para comunicar as experiencias adquiridas (última semana de maio ou primeira de xuño).
- Elaborar unha memoria sobre o programa desenvolvido.
- Contestar o cuestionario de recollida de información sobre as actuacións deseñadas tras a participación no programa.
- Cumprir os requisitos que solicita o Ministerio de Educación: contrato, xustificación do gasto, avaliación en liña Mobility Tool, informe da estadía, etc.

Toda a documentación xerada neste proxecto, tanto en formato impreso como en formato electrónico, é de obrigado cumprimento por parte dos beneficiarios.

Os beneficiarios teñen que usar a cotío o seu correo electrónico porque é o medio para contactar co país de acollemento en Europa, e co CNROP-MEC. Calquera comunicación do proxecto Academia chegará por este medio.

3. PROCESO DE SELECCIÓN

Seleccionarase un participante e un candidato de reserva para cada país.

A selección dos candidatos realizarase tendo en conta os criterios xerais de participación, sinalados no punto 1 deste documento, e segundo o establecido no anexo I (baremo).

Presentarase orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela, **ata o día 31 de outubro do 2014**, dirixidas a:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
 Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
 Subdirección Xeral de Formación Profesional.
 Edificio Administrativo San Caetano.
 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

En caso de presentar as solicitudes en calquera outro lugar dos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e para os efectos de axilizar os trámites da documentación, é necesario remitir comunicación por correo electrónico a: orientacion.profesional@edu.xunta.es

Para calquera dúbida, contactar con:
 Emilia E. Lamelas Fariña. Asesora de Información e Orientación Profesional.
 Tlf: 981 546 536. Correo electrónico: orientacion.profesional@edu.xunta.es
 Subdirección Xeral de Formación Profesional.